


Cortes oblicuos e biseis


Coa finalidade de poder unir os diferentes elementos deberanse realizar unha serie de cortes que previamente terán que ser calculados. Partiremos da representación diédrica da cúpula, realizaremos os cálculos, construiremos patróns e guías, e finalmente realizaremos os cortes.



Empregamos 10 triángulos equiláteros de 147 cm de lado.

Todos os extremos dos lados córtanse de modo oblicuo segundo un ángulo de 30° .



Os tres lados están biselados exteriormente segundo un ángulo de $79,188^\circ$.



Empregamos 30 triángulos isósceles cun lado desigual de 147 cm e lados iguais de 130 cm de longo.

Os extremos do lado desigual córtanse de modo oblicuo segundo un ángulo de $27,78^\circ$, os extremos coincidentes dos lados iguais segundo un ángulo de $34,43^\circ$ e os extremos restantes novamente segundo un ángulo de $27,78^\circ$.

O lado desigual está biselado segundo un ángulo de $82,783^\circ$ e os lados iguais segundo un ángulo de $78,771^\circ$.



Os biseis realizados permitirán unir entre si os diferentes triángulos co ángulo adecuado para construír a cúpula.